XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

**Informe 2/2016, do 18 de febreiro 2016, sobre a determinación da categoría esixible ao licitador e supostos de aplicación do criterio da anualidade media.**

## ANTECEDENTES

Pola Federación Galega da Construción dirixiuse a esta Xunta Consultiva de Contratación Administrativa o seguinte escrito de consulta:

**Asunto: cálculo de la categoría en la exigencia de clasificación de obras por parte del sector público**

El Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre) regula la determinación de la clasificación (grupo, subgrupo y categoría) exigible en los contratos.

Así, en el artículo 62 establece:

*" Para celebrar contratos con el sector público los empresarios deberán acreditar estar en posesión de las* ***condiciones mínimas de solvencia económica y financiera y profesional o técnica que se determinen por el órgano de contratación****. Este requisito será sustituido por el de la clasificación, cuando ésta sea exigible conforme a lo dispuesto en esta Ley.*

*Los requisitos mínimos de solvencia que deba reunir el empresario y la documentación requerida para acreditar los mismos se indicarán en el anuncio de licitación y se especificarán en el pliego del contrato, debiendo estar vinculados a su objeto y ser proporcionales al mismo."*

Corresponde, por lo tanto al órgano de contratación fijar los **grupos**, **subgrupos**, y la **categoría** en la que deben estar clasificados los participantes en el procedimiento de contratación, si bien tratándose de contratos de obra, el autor del proyecto previamente, acompañará al mismo de una propuesta de clasificación. (Art. 133 RGLCAP).

Desde la Federación Gallega de la Construcción se han detectado numerosos procedimientos de contratación de obras en los que se está exigiendo una clasificación con una categoría excesiva, seguramente como consecuencia de la inercia en la forma de calcularla antes de la entrada en vigor de la Ley de Contratos del Sector Público (Ley 30/2007, de 30 de octubre).

Esta práctica, se está dando tanto en aquellas licitaciones en las que por el importe del contrato es exigible la clasificación, como en aquellos supuestos en los que la clasificación no es exigible, pero que permite a las empresas que la poseen acreditar su solvencia de esa manera, conforme al artículo 74.2 TRLCSP.

Por lo que se refiere a <u>la determinación de la categoría exigible al licitador</u>, que es la cuestión que nos ocupa, el procedimiento se recoge fundamentalmente para el contrato de obras en los artículos 36 y 26 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.

Sin embargo, la redacción dada ya en el año 2007 por la Ley de Contratos del Sector Público a los que en la actualidad son los artículos 67.1 y 65.1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, modificó ya en aquel momento la manera en que hasta esa fecha se venía realizando el cálculo de las categorías.

*"****Artículo 67. Criterios aplicables y condiciones para la clasificación****.*

*1. La clasificación de las empresas se hará en función de su solvencia, valorada conforme a lo establecido en los artículos 75, 76 y 78, y determinará los contratos a cuya adjudicación puedan concurrir u optar por razón de su objeto y de su cuantía. A estos efectos, los contratos se dividirán en grupos generales y subgrupos, por su peculiar naturaleza, y dentro de estos por*

***categorías, en función de su cuantía.***

***La expresión de la cuantía se efectuará por referencia al valor íntegro del contrato, cuando la duración de éste sea igual o inferior a un año, y por referencia al valor medio anual del mismo, cuando se trate de contratos de duración superior.”***

Analizando los distintos momentos normativos que esta regulación ha atravesado podemos observar que:

**PRIMERO: ANTES DE LA LCSP**. El cálculo de la categoría exigible a un contrato se regulaba fundamentalmente en el artículo 36, apartados 6 y 7 del RGLCAP, en los siguientes términos:

"Cuando solamente se exija la clasificación en un grupo o subgrupo, la categoría exigible será la que corresponda a la anualidad **media** del contrato, obtenida dividiendo su precio total por el número de meses de su plazo de ejecución y multiplicando por 12 el cociente resultante." **(Art. 36.6 RGLCAP).**

"En los casos en que sea exigida la clasificación en varios subgrupos se fijará la categoría en cada uno de ellos teniendo en cuenta los **importes parciales** y los plazos también parciales que correspondan a cada una de las partes de obra originaria de los diversos subgrupos “ **(Art 36.7 RGLCAP)**

La lectura en exclusiva del precepto -sin tener en cuenta las nuevas disposiciones hoy vigentes, introducidas en su día por la LCSP- no ofrece dudas: Se aplicaría igual fórmula independientemente de que la duración prevista del contrato fuese inferior o superior a 12 meses, si bien habría que diferenciar si la clasificación exigible lo es en uno o varios subgrupos.

- Si la clasificación era exigible en **un solo grupo o subgrupo** la categoría sería el resultado de dividir el presupuesto total del entre el número de meses y multiplicar el resultado por 12 (=anualidad media), llevando el resultado a la relaciones contenidas en los artículos 26 (obras) o 38 (servicios) del RGLCAP.

**Formula: K= (P/T)*12.** En donde K=categoría; P = Presupuesto contrato; T=Plazo de ejecución del contrato.

**Ejemplo 1:** Grupo y subgrupo exigible: G, 6

Presupuesto obra: 510.000C

Plazo de ejecución: 16 meses.

Categoría: (510.000/16)* 12 = 382.500C: Por tanto, la clasificación sería **G, 6, d** (Según tabla art. 26).

**Ejemplo 2:** Grupo y subgrupo exigible: G, 6

Presupuesto obra: 510.000C

Plazo de ejecución: 5 meses.

Categoría: (510.000/5)* 12= 1.224.000€: Por tanto, la clasificación sería **G, 6, e** (Según tabla art.26)

- Si la clasificación es exigible en varios grupos o subgrupos se aplicará igual formula pero considerando los importes y plazos de tales trabajos. (Nota: Aunque aquí no se refiere el Reglamento a la anualidad media, necesariamente el cálculo se hará a través de ella, pues en otro caso carecería de sentido la exigencia de tener en cuenta "...los plazos también parciales..." de cada uno de los trabajos que integran un grupo o subgrupo diferenciado).

**Formula: K= (Ps/Ts)*12.** En donde K=categoría; Ps = Presupuesto correspondiente a trabajos integrados en el grupo/subgrupo para el que se hace el cálculo; Ts.= Plazo de ejecución de los trabajos del grupo/subgrupo para el que se hace el cálculo.

**Ejemplo 3**: Grupo y subgrupo exigible: G, 4 y G, 6

Presupuesto obra: 800.000€

Plazo de ejecución: 24 meses.

Subgrupo exigible G4: Ppto=200.000€. Duración=3 meses. Categoría= (200.000/3)* 12= 800.000€ (Tabla art. 26) "d".

Subgrupo exigible G6: Ppto= 400.000€. Duración= 16 meses. Categoría =(400.000/16)* 12=300.000= (Tabla art. 26) "c".

Recordemos que el presupuesto parcial correspondiente a un subgrupo determinado, se encuentra integrado por el presupuesto parcial de ejecución material, sobre el que se aplica los porcentajes de beneficio industrial y gastos generales.

Si no existe especificado un plazo parcial para esas unidades en concreto, hay que pensar que el contratista dispone del plazo total de ejecución y por lo tanto, el divisor será el número total de meses del plazo de ejecución (24 en el *Ejemplo 3).*

***SEGUNDO: CON LA LCSP.*** Parte del proceso que se ha descrito cambia a partir de la nueva regulación introducida por la LCSP en su artículo 56.1, (de igual redacción al actual artículo 67.1. TRLCSP):

*"La clasificación de las empresas (...) determinará los contratos a cuya adjudicación puedan concurrir u optar por razón de su objeto y de su cuantía. A estos efectos, los contratos se dividirán en grupos generales y subgrupos, por su peculiar naturaleza, y dentro de estos por categorías, en función de su cuantía.*

*La expresión de la cuantía se efectuará por referencia **al valor íntegro** del contrato, cuando la duración de éste sea igual o inferior a un año, y por referencia al **valor medio anual** del mismo, cuando se trate de contratos duración superior." (Art.56.1 LCSP que coincide con el Art. 67.1 TRLCSP).*

Con la Ley de Contratos del Sector Público, se produce un **cambio en la aplicación del criterio de la ANUALIDAD MEDIA.**

El precepto introduce una variación en el modo en que se ha de efectuar el cálculo de la categoría exigible cuando la duración prevista del contrato es inferior al año, de modo que:

-"Si la duración del contrato en el que se exige **un solo grupo o subgrupo es inferior a un año,** no se llevará a cabo el cálculo de la anualidad media, sino que sólo se tomará en cuenta el valor del contrato *("La expresión de la cuantía se efectuará por referencia al valor íntegro del contrato', cuando la duración de éste sea igual o inferior a un año,...")*

-De igual modo, si para el contrato se exigen varios grupos o subgrupos y la duración en la ejecución de los mismos es inferior al año el cálculo de la categoría se hará en función del valor (ejecución material + % de gastos generales + % de beneficio industrial) de las actividades correspondientes a ese subgrupo.

-Si la duración del contrato en el que se exige un solo grupo o subgrupo es superior al año se aplicará la anualidad media. Igualmente, se aplicará la anualidad media si para el contrato se exigen varios grupos o subgrupos, y la duración en la ejecución de los mismos es superior al año.

Por tanto, **el criterio de la anualidad media** contenido en el artículo 36 del Reglamento para determinar la clasificación en un contrato de obras debe entenderse superado en la actualidad por la regulación legal, para los contratos de duración igual o inferior a un año, tal y como se recogió en el **Informe 1/2011, de la JCCA de Aragón.**

*"Siguiendo con la clasificación, resulta además oportuno señalar, que el criterio de la anualidad media contenido en el apartado 6 del artículo 36 RGLCAP para determinar la clasificación a exigir en un contrato de obras -al que remite el artículo 46 RGLCAP para los contratos de servicios- cuando solo se exige un grupo o subgrupo, debe entenderse en la actualidad superado*

*por la regulación legal, para los contratos de duración igual o inferior a un año.*

*En este sentido, el artículo 56 LCSP, relativo a los criterios aplicables y condiciones para la clasificación, señala en su párrafo segundo que: «La expresión de la cuantía se efectuará por referencia al valor íntegro del contrato, cuando la duración de éste sea igual o inferior a un año, y por referencia al valor medio anual del mismo, cuando se trate de contratos de duración superior». Se modifica así la previsión reglamentaria, que debe entenderse derogada, y debe actuarse del siguiente modo: la categoría del subgrupo de clasificación empresarial, se determinará cuando la duración del contrato sea igual o inferior a un año por referencia al valor íntegro del contrato, (o del precio parcial de la actividad en el conjunto del contrato, si hay varios subgrupos) y por referencia al valor medio anual del contrato cuando se trate de contratos de duración superior".*

En el mismo sentido se pronunció el **Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía en su Resolución 98/2013**:

*"Por lo expuesto, queda claro que, a efectos de determinar la categoría exigible como clasificación de las empresas, habrá que estar a la cuantía del contrato y ésta, según el artículo 67 del TRLCSP, en los contratos de duración igual o inferior a un año es él valor integro del contrato".*

Igualmente, el **Informe 16/2012, de 30 de noviembre, de la JCCA de la Generalitat de Catalunya** concluyó:

*"La categoría que deben exigir las administraciones públicas para contratar la ejecución de contratos de obras cuyo valor estimado sea igual o superior a 350.000 euros debe determinarse, de acuerdo con el artículo 67 del TRLCSP, en función de su cuantía. La expresión de la cuantía se tiene que efectuar por referencia al valor íntegro del contrato, cuando su duración sea igual o inferior a un año, y por referencia al valor medio anual de éste, cuando se trate de contratos de duración superior".*

***TERCERO: CON EL TRLCSP.*** La redacción del artículo 65.1 TRLCSP introdujo cambios en la redacción del anterior artículo 54.1 LCSP.

"Para contratar con las Administraciones Públicas la ejecución de contratos de obras de importe igual o superior a 350.000 euros, o de contratos de servicios por presupuesto igual o superior a 120.000 euros, (...)" (Art.54.1 LCSP)

"Para contratar con las Administraciones Públicas la ejecución de contratos de obras cuyo valor estimado sea igual o superior a 350.000 euros, [posteriormente 500.000 €], o de contratos de servicios cuyo valor estimado sea igual o superior a 120.000 euros, [Posteriormente 200.000.€] (...)" (Art. 65.1 TRLCSP).

La nueva redacción dada al artículo 65.1 del TRLCSP, por la Ley 25/2013, no modifica en este punto el alcance respecto a la redacción anterior:

"Para los contratos de obras cuyo valor estimado sea igual o superior a 500.000 euros será requisito indispensable que el empresario se encuentre debidamente clasificado como contratista de obras de las Administraciones Públicas..." (Art. 65.1 TRLCSP actual).

Ya bajo la vigencia de la LCSP, la **JCCA en su Informe 41/10, de 28 de octubre de 2011**. "Cuestiones que se comprenden en lo expresión presupuesto igual o superior a 120.000 euros del artículo 54 de la Ley, referido a contratos de servicios y exigencia de clasificación de las empresas", *entendió que la expresión presupuesto utilizada por el artículo 54.1 LCSP habría de **entenderse como valor estimado**.*

Esta nueva redacción aclara una duda, de manera que -dada la letra del precepto no cabe entender otra cosa-, la exigencia o no de clasificación se determinará en función **del valor estimado del contrato no por su presupuesto**. Así por ejemplo, un contrato de obras de duración inferior a un año, de 450.000€ de presupuesto y 600.000€ de valor estimado exigirá clasificación.

La duda que despeja es que en dicho valor no se tendrá en cuenta el IVA:

*"A todos los efectos previstos en esta Ley, el valor estimado de los contratos vendrá determinado por el importe total, sin incluir el Impuesto sobre el Valor Añadido,..." (**Art. 88 TRLCSP**).*

Hay que tener en cuenta que, de acuerdo con el artículo 88 del Texto Refundido, el valor estimado estará formado -como conceptos principales- por el presupuesto del contrato, el importe de las eventuales modificaciones previstas, cualquier forma de opción eventual, y el importe que supongan las eventuales prórrogas del contrato.

La duda que se origina se centra en conocer si el valor estimado se ha de utilizar exclusivamente para determinar la exigencia o no de clasificación en un contrato determinado, o si además, habrá de utilizarse para el cálculo de la categoría exigible.

En principio, parecería carente de lógica que el valor estimado del contrato sólo se tomara en consideración para determinar la exigencia de clasificación pero no para el cálculo de la categoría. Por ello, lo más conveniente para evitar confusiones sería que se unificasen las referencias legislativas a la del valor estimado.

Conforme a todo lo analizado, cabe concluir la necesidad de que la Xunta Consultiva aclare si son correctas las siguientes CONCLUSIONES:

1.- La exigencia o no de clasificación vendrá determinada por el valor estimado del contrato.

2.- El cálculo de la categoría se llevará a cabo del siguiente modo:

i- Para el cálculo de la categoría exigible no se tendrá en cuenta el IVA.

*ii*- En el caso de que la **DURACIÓN DEL CONTRATO SEA INFERIOR O IGUAL A 12** MESES no se aplicaría la **ANUALIDAD MEDIA:**

- Tratándose de **un solo grupo o subgrupo**, siendo la duración del contrato **inferior o igual a 12 meses**, la categoría a exigir será la que resulte del "valor íntegro" el contrato, entendiendo que la referencia al valor íntegro del contrato habría que entenderla como valor estimado.

- Si fueran **varios**, la categoría a exigir en cada uno será la que resulte del valor estimado de cada una de las actividades correspondientes a cada grupo o subgrupo.

iii- En el caso de que la **DURACIÓN DEL CONTRATO SEA SUPERIOR A 12 MESES** es cuando entraría en juego la aplicación de la **ANUALIDAD MEDIA:**

- Tratándose de **un solo grupo o subgrupo**, siendo la duración del contrato **superior a los 12 meses**, la categoría a exigir será la resultante del cálculo de la anualidad media del contrato.

- Si fueran **varios** la categoría a exigir en cada uno será la resultante del cálculo de la anualidad media del grupo o subgrupo considerado.

iv- La cifra resultante, obtenida en cualquiera de los cuatro supuestos, se relaciona con la contenida en los artículos 26 (obras) o 38 (servicios) del RGLCAP, para determinar la categoría exigible.

3.- El cálculo de la categoría se llevará a cabo del mismo modo, tanto si la clasificación es exigible por el importe del contrato, como si se trata de la clasificación que no siendo exigible, va a permitir a los licitadores que la posean acreditar su solvencia.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- Segundo o disposto no artigo 2.1 do Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa correspóndelle a este órgano consultivo emitir informe con carácter facultativo sobre aquelas cuestións que, en materia de contratación administrativa, sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 1, entre as que figuran as organizacións empresariais dos sectores vinculados á contratación pública.

2.- Facendo uso desa capacidade, a Federación Galega da Construción remitiu á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia, escrito no que solicita ratificación dunha serie de afirmacións relativas á esixencia de clasificación de obras, en concreto sobre o cálculo da categoría esixible xa que, segundo indican, veñen detectando numerosos procedementos de contratación de obras que están esixindo unha clasificación cunha categoría excesiva, quizais pola inercia na forma de calculala antes da entrada en vigor da Lei de contratos do Sector Público (Lei 30/2007,do 30 de outubro).

3.- Como ben indica a Federación no seu escrito, nestes últimos tempos, cos cambios normativos, expresáronse de diferente forma os termos a utilizar para facer o cálculo da categoría.

O RD 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP), no seu artigo 26.1, en redacción mantida dende a súa entrada en vigor ata o 4/11/2015, sinalaba que se determinará pola súa **anualidade media.**

**Art. 26** ***Categorías de clasificación nos contratos de obras***

As categorías dos contratos de obras, determinadas **pola súa anualidade media**, ás que se axustará a clasificación das empresas serán as seguintes:
-De categoría a) cando a súa anualidade media non exceda a cifra de 60.000 euros.
-De categoría b) cando a citada anualidade media exceda de 60.000 euros e non sobrepase os 120.000 euros.
-De categoría c) cando a citada anualidade media exceda de 120.000 euros e non sobrepase os 360.000 euros.
-De categoría d) cando a citada anualidade media exceda de 360.000 euros e non sobrepase os 840.000 euros.
-De categoría e) cando a anualidade media exceda de 840.000 euros e non sobrepase os 2.400.000 euros.
-De categoría f) cando exceda de 2.400.000 euros.

As anteriores categorías e) e f) non serán de aplicación nos grupos H, I, J, K e os seus subgrupos, cuxa máxima categoría será a e) cando exceda de 840.000 euros.

Temos así que, ata a entrada en vigor da Lei 30/2007 de contratos do sector público (en adiante LCSP), a categoría de todos os contratos calculábase conforme a anualidade media do contrato partindo do presuposto de licitación (presuposto de execución material -(PEM)- máis as porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais), sen IVE.

Isto cambia en marzo de 2008. A LCSP, no seu art. 56.1, e, con idéntico texto, o Texto Refundido da mesma (en adiante TRLCSP) no art. 67.1, sinalan que, para os efectos da clasificación, os contratos se dividirán en grupos xerais e subgrupos, pola súa peculiar natureza, e dentro destes por categorías, en función da súa contía. Continúan explicando que a expresión da contía se fará por referencia **ao valor íntegro do contrato**, cando a duración deste sexa igual ou inferior a 1 ano, e **por referencia ao valor medio anual do mesmo**, cando se trate de contratos de duración superior.

**TRLCSP Artigo 67 Criterios aplicables e condicións para a clasificación**
1. A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia, valorada conforme ao establecido nos artigos 75, 76 y 78, e determinará os contratos a cuxa adxudicación podan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. A estes efectos, os contratos dividiranse en grupos xenerais e subgrupos, pola súa peculiar natureza, e dentro destes por categorías, en función da súa contía.
A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor íntegro do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao valor medio anual do mesmo, cando se trate de contratos de duración superior.

A entrada en vigor da LCSP leva, por tanto, un cambio na configuración do cálculo da categoría que, como ben sinala o citado Informe 1/2011 da JCCA de Aragón, modifica a previsión regulamentaria anterior, que deberá entenderse derrogada no que respecta aos contratos de duración igual ou inferior a un ano. No mesmo sentido resolve o Tribunal de Justicia de Castela e León de Valladolid, Sá do Contencioso-Administrativo, na sentenza 1890/2013 de 6 de nov (Rec. 583/2012):

*Efectivamente, o tenor da Disposición Derrogatoria Única da reiterada LCSP (A LEI 10868/2007) é clara en canto derroga aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan á mesma, e aínda que é verdade que segue vixente o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (A LEI 1470/2001), que aproba o Regulamento da contratación -cuxo artigo 36 contén a prevención que foi trasladada pola Administración ao Prego-, iso só o será, evidentemente, na parte do mesmo que non se opoña a aquela norma legal. Deste xeito se devandito artigo establece, dentro das normas sobre clasificación do licitador e no que agora interesa, que nos supostos en que a clasificación só é esixible nun grupo ou subgrupo deberá atenderse á categoría que corresponda á "anualidade media do contrato" que se obterá de dividir o seu prezo total polo número de meses do seu prazo de execución e multiplicando por 12 o cociente resultante, é claro que tal disposición non é do todo coincidente co artigo 56.1, no cal as categorías esixibles na clasificación determinaranse, se, atendendo á contía do contrato, pero distinguíndose á vez en función de que se trate de contratos de duración igual ou inferior a un ano -para os que a referencia é o valor íntegro do contrato-, ou de que se trate de contratos cunha duración superior -estes nos que a referencia será a do "valor medio anual", que é precisamente o que dispón o Regulamento en relación a todos os supostos sen distinción. E deste xeito, existindo, por tanto, unha discrepancia entre unha disposición de carácter regulamentario e un precepto dunha Lei posterior, é máis que claro que a mesma debe resolverse dando prevalencia a esta última .*

4.- A expresión utilizada,"valor íntegro do contrato", non ven definida na lei e será obxecto dun informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, -o Informe 43/2008, do 28 de xullo-, no que se sinala que *"con referencia ao valor dos contratos a LCSP utiliza tres conceptos principalmente que son prezo, valor estimado e presuposto, cuias definicións contéñense nos artigos 75 y 76 da Lei e 131 do Regulamento. Xunto a estes tres conceptos a Lei emprega outros termos non definidos por ela ni polas normas complementarias entre os que cabe citar como máis frecuentes contía, importe ou valor íntegro. A determinación do significado concreto destes termos debe facerse en función do contexto en que se inclúen e polo tanto, a lo menos en principio, non cabe facer unha definición xenérica. Elo non obstante, e por regra xeneral cabe dicir que deberán identificarse co termo que, en función da fase en que se encontre o contrato -fase de preparación e adxudicación ou fase de execución- indique o valor do mesmo con arranxo á Lei. Así na fase de preparación e adxudicación deberán entenderse os termos como referidos ao presuposto que deba servir de base para a celebración da licitación pública e na de execución deberá entenderse que os termos utilizados se refiren ao prezo de adxudicación do contrato, é dicir, o que deba percibir íntegro o contratista que resultara adxudicatario do contrato. Estas conclusións, sen embargo, deberán matizarse en función do texto do artigo que conteña o termo examinado.*

*En base a elo, sempre que o termo empregado sexa distinto de prezo, valor estimado ou presuposto, deberá entenderse que, por regra xeneral, se o artigo fai referencia á fase de preparación o adxudicación do contrato, o termo que se emprega (contía, importe ou calquera outro similar) deberá referirse ao concepto de presuposto, o cal supón estar ao disposto nos artigos 131, 189 e 195 do Regulamento, se ben, en ningún caso, deberá considerarse incluído o Imposto sobre el Valor Engadido.*

5.- O RD 773/2015 (que entrou en vigor o pasado 5 de novembro do 2015) modifica o artigo 26 do RXLCAP sinalando que a expresión da contía se fará por referencia ao **valor estimado do contrato**, cando a duración deste sexa igual ou inferior a 1 ano, e por referencia ao **valor medio anual** do mesmo, cando se trate de contratos de duración superior.

**Artigo 26 Categorías de clasificación dos contratos de obras**
Os contratos de obras clasifícanse en categorías segundo a súa contía. A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor estimado do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao valor medio anual do mesmo, cando se trate de contratos de duración superior.
As categorías dos contratos de obras serán as seguintes:
– Categoría 1, se a súa contía é inferior ou igual a 150.000 euros.

– Categoría 2, se a súa contía é superior a 150.000 euros e inferior ou igual a 360.000 euros.
– Categoría 3, se a súa contía é superior a 360.000 euros e inferior ou igual a 840.000 euros.
– Categoría 4, se a súa contía é superior a 840.000 euros e inferior ou igual a 2.400.000 euros.
– Categoría 5, se a súa contía é superior a 2.400.000 euros e inferior ou igual a cinco millóns de euros.
– Categoría 6, se a súa contía é superior a cinco millóns de euros.
As categorías 5 e 6 non serán de aplicación nos subgrupos pertencentes aos grupos I, J e K. Para os devanditos subgrupos a máxima categoría de clasificación será a categoría 4, e dita categoría será de aplicación aos contratos dos devanditos subgrupos cuxa contía sexa superior a 840.000 euros.

(Ver nota 1)

Como vemos neste novo marco normativo, todo indica que a modificación regulamentaria vén a aclarar a confusión terminolóxica provocada coa entrada en vigor da LCSP e concreta que o termo "valor íntegro do contrato", concepto indeterminado sinalado na lei, correspóndese co "valor estimado do contrato" polo que, esta Xunta consultiva entende que, a partir do 5 de novembro de 2015, para facer o cálculo da categoría xa non cabe a interpretación do Informe 43/2008 da JCCA estatal, -que, lembremos, indicaba que o valor íntegro de contrato sería equiparable a presuposto-, senón que se deberá atender ao valor estimado do contrato, que segundo o art. 88 do TRLCSP virá determinado polo importe total, sen IVE, mais as eventuais prórrogas e/ou modificacións.

En conclusión, atendendo ás afirmacións vertidas na consulta cabe indicar o seguinte:

1.- A esixencia ou non de clasificación ven determinada polo valor estimado do contrato tal e como indica o artigo 65.1.a) do TRLCSP: *"Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado como contratista de obras das Administracións Públicas"[…] Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000…"*.

2.- Para o cálculo da categoría esixible non se terá en conta o IVE. Segundo o artigo 26 do Regulamento, os contratos de obras clasificanse en categorías segundo a súa contía e esta vén referida ao valor estimado do contrato que, atendendo ao disposto no artigo 88 do TRLCSP vén determinado polo seu importe total *"sen incluír o Imposto do Valor Engadido".*

3.- No caso de que a duración do contrato sexa inferior ou igual a 12 meses, non se aplicaría a anualidade media:

- Tratándose dun solo grupo o subgrupo a categoría a esixir será a que resulte do valor íntegro do contrato, entendendo que a referencia ao valor íntegro habería que entendela como valor estimado.

- Se foran varios, a categoría a esixir en cada un será a que resulte do valor estimado de cada unha das actividades (incrementadas cos correspondentes porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial) correspondentes a cada grupo ou subgrupo.

---

(1) Neste mesmo sentido vai o art. 79.1 do Borrador de anteproxecto da Lei de contratos do sector público do 17/04/2015:

Artigo 79. Criterios aplicables e condicións para a clasificación. [art. 67 TRLCSP] 1. A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia, valorada conforme aos criterios regulamentariamente establecidos de entre os recollidos nos artigos 87, 88 y 90, e determinará os contratos a cuxa adxudicación podan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. A estes efectos, os contratos dividiranse en grupos xerais e subgrupos, pola súa peculiar natureza, e dentro de estes por categorías, en función da súa contía. A expresión da contía efectuarase por referencia ao valor estimado do contrato, cando a duración deste sexa igual ou inferior a un ano, e por referencia ao valor medio anual do mesmo, cando se trate de contratos de duración superior.

4.- No caso de que a duración do contrato sexa superior a 12 meses calcularase por referencia á anualidade media, entendendo que anualidade media é igual que o valor medio anual (termos usados no Real Decreto 773/2015). O cálculo farase aplicando a seguinte fórmula:

K= (P/T)*12 sendo P o valor estimado do contrato.

Tratándose dun solo grupo ou subgrupo a categoría a esixir será a resultante do cálculo da anualidade media do contrato. Se foran varios, a categoría a esixir en cada un será a resultante do cálculo da anualidade media do grupo ou subgrupo considerado.

5.- A cifra resultante, obtida en calquera dos catro supostos, relacionase coa contida nos artigos 26 (obras) ou 38 (servizos) do RGLCAP, para determinar a categoría esixible, aínda que deberán terse en conta as seguintes transitorias do Real Decreto 773/2015:

**Disposición transitoria segunda** *Clasificación esixible para os contratos de obras*

Para os contratos de obras cuxo prazo de presentación de ofertas termine antes do día un de xaneiro de 2020 as clasificacións nos subgrupos incluídos no artigo 26 do Regulamento fornecerán os seus efectos, co alcance e límites cuantitativos determinados para cada subgrupo e categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se fórono con anterioridade á súa entrada en vigor e nos termos establecidos polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

| Categoría do contrato | Categoría Real Decreto 1098/2001 |
|---|---|
| 1 | A ó B |
| 2 | C |
| 3 | D |
| 4 | E |
| 5 | F |
| 6 | F |

**Disposición transitoria terceira** *Clasificacións dos contratos de servizos outorgadas con anterioridade á entrada en vigor do real decreto*

A partir de la entrada en vigor do presente real decreto no será exixible a clasificación para os contratos de servizos.

Para los contratos de servizos cuxo prazo de presentación de ofertas termine antes do día un de xaneiro de 2020 as clasificacións en los subgrupos incluídos no artigo 37 del Regulamento fornecerán os seus efectos, co alcance e límites cuantitativos determinados para cada subgrupo y categoría de clasificación, tanto se foron outorgadas nos termos establecidos polo presente real decreto como se fórono con anterioridade á súa entrada en vigor e nos termos establecidos polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, de acordo co seguinte cadro de equivalencias:

| Categoría actual | Categoría Real Decreto 1098/2001 |
|---|---|
| 1 | A |
| 2 | B |
| 3 | C |
| 4 | D |
| 5 | D |

Ata o día 1 de xaneiro de 2016, as clasificacións vixentes á data de entrada en vigor do presente real decreto, outorgadas de acordo co establecido no citado Real Decreto 1098/2001, correspondentes aos subgrupos de clasificación existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto e non incluídos no artigo 37 do Regulamento, seguirán fornecendo efectos de acreditación da solvencia do empresario para aqueles contratos en cuxos pregos se admita como criterio alternativo de selección a clasificación en tales subgrupos. As clasificacións outorgadas nos devanditos subgrupos quedarán extinguidas á devandita data, practicándose de oficio as modificacións correspondentes aos seus asentos nos Rexistros de licitadores e empresas clasificadas en que figuren inscritas.

6.- O cálculo da categoría levarase a cabo do mesmo modo, tanto se a clasificación é esixible polo importe do contrato, como se se trata da clasificación que non sendo esixible, vai permitir aos licitadores que a posúan acreditar a súa solvencia". Para o cálculo da categoría estarase á única forma establecida no RXLCAP que é a anteriormente descrita.

Respecto da posibilidade de presentar a clasificación cando non sexa esixible esta Xunta consultiva xa informou sobre elo no seu informe 2/2012, sobre unha consulta emitida por esa mesma Federación e xa nel se concluía que "*a clasificación é un medio cualificado de acreditación da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional e que é substitutivo dos demais medios naqueles contratos para os que a clasificación non sexa un requisito obrigatorio sempre que sexan do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo a devandita clasificación*".

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro de 2016